



1992-2017

25 ANIVERSARIO DO RECOÑECIMENTO DA FM POLA OMS

XV MANIFESTO DA FIBROMIALXIA E A SÍNDROME DE FATIGA CRÓNICA

Hai 25 anos que a **Organización Mundial da Saúde recoñeceu a Fibromialxia**, incorporándoa como entidade clínica na clasificación internacional de enfermidades. Foi un paso moi importante en un camiño longo e angosto que, salvo honrosas excepcións, recorrimos en soidade coa Síndrome de fatiga crónica.

Nestos 25 anos conseguimos **singularizar** unha enfermidade hoxe considerada "**paradigma da dor crónica**" e introducila nas axendas sociais, profesionais e políticas.

Iniciamos este proceso identificando a **raíz do problema** e loitando contra descoñecemento e ignorancia, reticencias e sospeitas... incluso desprecio.

Fomos avanzando con paciencia, constancia, complicidades e reivindicacións. Gañando en recoñecemento e respecto, por un lado; e mellora no diagnóstico e tratamento, plans e protocolos de atención, por outro.

Todo isto sen estridencias, sen chantaxes, sen descalificacións. Co noso esforzo e compromiso persoal e social pero, sobre todo, **coa razón** que emanaba de todo un colectivo de enfermos e **coa forza** dunhas asociacións que traballaron con **afín, seriedade, profesionalidade e firmeza**.

Un colectivo e unhas entidades que foron capaces de crear un movemento reivindicativo que agora compartimos coas enfermidades encadradas nos hoxe denominados *Síndromes de Sensibilización Central*, e cos que, un ano máis, alzamos a voz para facer escoitar as reivindicacións que consideramos prioritarias para nós:

- **Recoñecemento** por parte de profesionais, institucións, axentes sociais e sociedade en xeneral.
- **Investigación** para lograr un mellor diagnóstico, tratamentos e detección precoz.
- **Mellora da atención sanitaria** e o establecemento de protocolos unificados que garanticen a igualdade na calidade e a accesibilidade aos recursos e servizos do Sistema Público de Saúde.
- **Acceso ao traballo**, sexa mediante a adaptación dos postos de traballo, sexa mediante novas fórmulas de inserción laboral.
- **Xustas prestacións sociais** cando a gravidade da enfermidade non nos permita traballar.

Neste 25 aniversario, tamén consideramos que é o momento de **abrir o círculo da singularización** e, por iso, tendemos a man a todos os afectados por **enfermidades que cursan con Dor crónica** e ás Asociacións que nos representan, para unir as nosas forzas e facer fronte común contra as problemáticas que compartimos.

Problemáticas que son froito de non de encaixar nun Sistema Sanitario e Social preparado e dirixido, preferentemente, a tratar procesos agudos e a avaliar discapacidades en función de parámetros mal cualificados e priorizados como **obxetivables**, mantendo **invisible o carácter invalidante da dor crónica**.

Ignorando que, precisamente, a dor é un dos **parámetros determinantes** da calidade de vida dunha persoa e, no noso caso, **é omnipresente** na nosa vida.

Neste ano de aniversario, sentímonos orgullosos da nosa loita e decisión de antano.

Pero tamén neste ano de aniversario, **miramos cara o futuro con renovada decisión** e con novos obxetivos e retos.

E emplazamos a todas as persoas, entidades, colexios profesionais, sociedades científicas, servidores públicos e administracións a unir ilusións, forzas, decisións e políticas sociosanitarias para dotar a todos os cidadáns da mellor calidade de vida posible, **no marco dun Sistema Sanitario e Social Xusto, Accesible, Equitativo, Igualitario e de Calidade**.

Nada máis e nada menos.

12 de Mayo de 2017. 25 aniversario do Recoñecemento da Fibromialxia pola Organización Mundial da Saúde.